

10.14	Pedreira de Riba, A (a)				5	13	38,46
	Pedreira de Riba, A (b)	9	12	75,00	7	21	33,33
10.15	Queirís (a)				4	7	57,14
	Queirís (b)	3	3	100,00			
	Queirís (c)				6	12	50,00
10.16	Seixo, O	4	5	80,00	9	19	47,37
10.17	Vilarello de Baixo				6	9	66,67
10.18	Vilarello de Riba				7	11	63,64
10.19	Vista Alegre				1	1	100,00

Papucín (Santa María)	11.01	Baiuca, A						
	11.02	Carballal, O	5	5	100,00	2	4	50,00
	11.03	Casa Vella, A				2	2	100,00
	11.04	Consello	4	4	100,00	2	6	33,33
	11.05	Coto, O						
	11.06	Figueira, A				4	6	66,67
	11.07	Foxo, O						
	11.08	Igrexa, A				4	10	40,00
	11.09	Mostás (a)				2	4	50,00
		Mostás (b)				3	6	50,00
	11.10	Outeiro, O	5	6	83,33			
	11.11	Prado, O	5	7	71,43	2	4	50,00
	11.12	Pumarino, O-Monte, O				7	16	43,75
	11.13	Quinta de Abaixo - Quinta de Arriba	8	8	100,00	6	18	33,33
	11.14	Tarrío	13	14	92,86	15	39	38,46
11.15	Vimieiro				12	25	48,00	

Vitre (San Xoán)	12.01	Augas Santas				9	19	47,37
	12.02	Campo, O				15	25	60,00
	12.03	Casal, O						
	12.04	Currillos, Os	5	7	71,43			
	12.05	Fraga, A				3	4	75,00
	12.06	Igrexa, A						
	12.07	Loueiros, Os	6	6	100,00	4	11	36,36
	12.08	Pereiruga - Corredoiras, As (a)				3	3	100,00
		Pereiruga - Corredoiras, As (b)				3	4	75,00
	12.09	Piñeiro, O				3	5	60,00
	12.10	Porta dos Caos				4	7	57,14
	12.11	Reboredo				8	14	57,14
	12.12	Uceira, A				4	10	40,00
	12.13	Vilarxoán	5	9	55,56	5	12	41,67
12.14	Virtudes, As							

### 3.3.1.5. Distribución das necesidades de crecemento parroquial e xustificación da extensión das delimitacións do núcleo común

O artigo 13 da LOUPMRG indica, ó respecto das delimitacións de solo de núcleo rural que "a súa delimitación deberá de facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie".

No apartado anterior calculouse a capacidade residencial dos núcleos rurais así como o seu grao de consolidación.

Interesa agora analizar as necesidades de crecemento de cara a xustificar a extensión das delimitacións.

O primeiro que habería que indicar a este respecto é que, nun concello carente de planeamento municipal e de delimitacións de solo de núcleo rural, o crecemento do parque de vivendas ven limitado pola ditado pola lexislación urbanística vixente en cada momento. Desta maneira, ese parque de vivendas executadas nun pasado recente pode ser significativamente menor do que se tería levado a cabo nun concello con planeamento.

Para facer unha estimación das necesidades de crecemento dos núcleos do concello é necesario facer unha análise da evolución da vivenda nova. Nun concello sen planeamento urbanístico propio, amparado para a súa ordenación nas Normas Subsidiarias de Planeamento Provincial, é de supoñer que meirande parte da recente edificación foi realizada á marxe do planeamento. Así, para ter unha referencia do parque inmobiliario recente, recórrese ó traballo de campo, estimando que ademais a meirande parte destas novas vivendas foron realizadas nos últimos vinte ou trinta anos.

Do traballo de campo realizado obtense a conta seguinte referente ó número de vivendas tradicionais e modernas existentes repartido por parroquias.

	Vivendas Tradicionais	Vivendas Modernas	
Abellá	118	100	84,75%
Arazo	60	60	100,00%
Añá	53	43	81,13%
Géltigos	46	31	67,39%
Frades	43	21	48,84%
Gafoi	64	70	109,38%
Galegos	42	57	135,71%
Ledoira	51	56	109,80%
Mesos	29	13	44,83%
Moar	96	69	71,88%
Papucín	66	44	66,67%
Vitre	50	47	94,00%
	718	611	85,10%

Da táboa anterior despréndese que existen parroquias que non chegaron a executar tantas novas vivendas como as existentes ata arredor de 1950 e outras que sobrepasan amplamente esa cifra. Esta porcentaxe independente do tamaño das parroquias e responde exclusivamente ó crecemento demográfico e á existencia ou non de vivendas tradicionais que garantisen o realoxo dos novos habitantes que se ían incorporando ás parroquias, fundamentalmente por nacementos, nas épocas de crecemento demográfico.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefe do servizo de Planificación  
Urbanística II



DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carlos Gómez Otero.



Así teremos parroquias que sobrepasan o 100%, nas que a delimitación dos núcleos rurais debe atender a esas necesidades de crecemento, e parroquias que se quedan por baixo desta cifra, nas que as delimitacións de solo de núcleo rural deben atender á lóxica do modelo do asentamento poboacional e á necesidade de completar a edificación entre as vivendas xa existentes

Parroquia de Galegos: Ó respecto da táboa anterior é de destacar a parroquia de Galegos cunha porcentaxe de crecemento do 136%.

Esta parroquia que era a segunda máis pequena do concello, por número de vivendas tradicionais, logrou edificar nos últimos 50 anos, un total de 57 vivendas, todo isto nun contexto nos últimos anos, de ausencia de planeamento e total imposibilidade de execución de vivendas. Con estas cifras non resulta difícil de xustificar un crecemento parroquial que como mínimo abarque un 35% da edificabilidade residencial existente a día de hoxe.

Esta cuestión deberá terse en conta á hora de delimitar os núcleos desta parroquia.

Analizada pormenorizadamente a parroquia de Galegos pode observarse claramente que os dous únicos núcleos que de xeito xeralizado poden acoller novas vivendas son o de Vista Alegre e o de Pazo-A Ponte.

Tendo en conta esta cuestión enténdese que no núcleo de Pazo-A Ponte debe considerarse o de principal crecemento da parroquia e debe proxectarse para el unha delimitación que recolla unhas necesidades de crecemento de, canto menos un 30% da edificabilidade residencial existente de cara a consolidar o crecemento

Parroquias de Gaoi e Ledoira: O núcleo de Pontecarreira, vinculado á antiga estrada N-634 medrou e urbanizouse ata alcanzar a categoría tácita de solo urbano. Tamén se executaron nel varias edificacións de vivenda colectiva o que constitúe un feito diferenciador ó respecto do resto dos núcleos do concello.

Este núcleo atópase entre as parroquias de Gaoi e Ledoira, o que faia que análise do crecemento do parque inmobiliario delas estea claramente marcado polo crecemento deste asentamento.

O crecemento deste asentamento fai que non se considere necesario prever grandes crecementos no resto dos núcleos desta parroquia.

Excluídas as parroquias de Galegos, Gaoi e Ledoira, o resto presentan crecementos inferiores ó parque residencial existente en 1950, polo que as delimitacións dos núcleos rurais deben atender, non tanto ás necesidades de crecemento como á lóxica do modelo do asentamento poboacional e á necesidade de completar a edificación entre as vivendas xa existentes.

### 3.3.1.6. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable delimitado

A estratexia de desenvolvemento de solo urbanizable responde a unha única expectativa: o solo urbanizable de uso industrial, busca dous obxectivos: por un lado, ordenar e regularizar as industrias e/ou actividades existentes a día de hoxe e, por outro lado, xerar novo solo industrial, que aporte posibilidades de novas implantacións empresariais no concello.

O sector S-01 localízase no núcleo de Vedral, na parroquia de Abellá, e ten acceso directo á estrada AC-524. O seu obxectivo é dotar ó concello de Frades dunha bolsa de solo industrial, da que carece a día de hoxe, localizada estratexicamente lindeira coa estrada autonómica AC-524 e poucos quilómetros do enlace coa AP-9. Con esta superficie para uso industrial intentarase organizar as instalacións de diversas empresas de subministrados agropecuarios que, a día de hoxe, desenvolven a súa actualidade en solo rústico, e ofrécese a posibilidade de implantación de novas empresas vinculadas á actividade agrogandeira, de venda e reparación de maquinaria, de almacenaxe e distribución de pensos ou artigos fitosanitarios etc., garantindo os servizos urbanísticos que corresponden. Os terreos pertencen case na súa totalidade a unha empresa xa instalada nas inmediacións e que se adica á comercialización de produtos do campo.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio


de data 09 XAN. 2018



DIPLUMENCA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo: Carmen Gómez Otero.





Neste ámbito non concorren circunstancias que o fagan especialmente protexible, tratándose dunha concentración parcelaria antiga (aprobación do acordo en 1968), adicado maioritariamente a monte baixo con presenza de cultivos forraxeiros no ámbito lindante coa estrada autonómica. Tampouco se dan en ningunha delas potencialidades paisaxísticas.

Dende ese punto de vista a ubicación idónea da peza que se destinará a parque empresarial na zona de Abellá responde ós seguintes criterios:

Unha boa accesibilidade viaria con conexión directa coa estrada AC-524, unha das principais do concello e pertencente á rede autonómica primaria básica.

Terreos de topografía favorable

- Terreos nos que non concorran circunstancias que os fagan especialmente protexibles como masas forestais de importancia, concentracións parcelarias recentes, potencialidade agrícola, paisaxística, medioambiental etc.

- Proximidade ós principais asentamentos de poboación do concello pois o que se pretende é precisamente a fixación da poboación local, neste caso constituído polo agregado de Abellá Sobre dos Campos-Quitán-Vedral-Lamela-Taberna-Tumbadoiro-Corral Vello, dando servizo directo así á parroquias máis poboada do termo municipal.

O sector S-02 localízase no lugar do Cadaval, nas parroquias de Ledoira e Vitre, con acceso directo á estrada N-634. Este sector ten por obxectivo regularizar e ampliar as industrias existentes vinculadas ó sector da maquinaria agrogandeira, así como permitir xerar solo

convientemente dotado, vinculado á principal estrada do concello fomentando a actividade para a parte sur do termo municipal, na que se ubica o principal asentamento do concello,

Pontecarreira.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística III



Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PX do Concello de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

47  
Asdo.: Carmen Gómez Otero.





XUNTA DE GALICIA  
 Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
 de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
 Urbanística III



DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
 Frades, 18 de setembro de 2017.  
 A Secretaria do Concello de Frades.

48

Asda.: Carmen Gómez Otero.





Neste caso tampouco concorren circunstancias que fagan o territorio especialmente protexible, tratándose de concentración parcelarias antigas, que xa perderon a súa potencialidade produtiva pola plantación entremisturada de especies arbóreas de medra rápida. Tampouco se dan en ningunha delas potencialidades paisaxísticas.

O sector S-02 está a cabalo entre tres zonas concentradas: Añá-Ledoira II (concentración de monte), Vitre-Céltigos II (concentración de monte) e San Xulián de Céltigos (concentración de labradío). Esta último ten data de acordo de 15 de decembro de 1969 motivo polo cal non está afectada polo disposto na lexislación vixente ó respecto da obrigatoria clasificación como solo rústico de protección agropecuaria. As outras dúas concentracións, de monte, teñen data de acordo de 16 de setembro de 2002, sendo a súa antigüidade inferior a 10 anos. Non obstante compre lembrar que se trata de concentracións de monte e non de terreos agrícolas, motivo polo cal a clasificación de solo rústico de protección agropecuaria non procede.

Dende ese punto de vista a ubicación idónea da peza que se destinará a parque empresarial na zona do Cadaval responde ós seguintes criterios:

- Unha boa accesibilidade viaria con conexión directa coa estrada N-634.
- Terreos de topografía favorable
- Terreos nos que non concorran circunstancias que os fagan especialmente protexibles como masas forestais de importancia, concentracións parcelarias, potencialidade agrícola, paisaxística, medioambiental etc.
- Proximidade ó principais asentamento de poboación do concello, Pontecarreira, pois o que se pretende é precisamente a fixación da poboación local.

#### Capacidade dos sistemas xerais:

##### Sistema xeral viario.

Tanto o sector S-01 como o S-02 lindan con estradas de capacidade suficiente para os desenvolvementos previstos. O primeiro linda coa estrada da rede autonómica primaria básica AC-524 de Ordes a Lanza. A sección é axeitada para o tráfico pesado, tanto por ancho como por trazado, foi mellorada en varias ocasións e ten unha IMD (arredor de 3.000 vehículos/día) suficientemente baixa como para acoller os novos usos pretendidos.

A intensidade de servizo para unha estrada de dous carrís e determinada velocidade media ven dada pola seguinte fórmula <sup>1</sup>:

$$IS_i = 2800 \times (I/c)_i \times fR \times fA \times fL \times fVP$$

onde:

$IS_i$  = intensidade de servizo para o nivel ou velocidade  $i$ , total da calzada, para as condicións prevalentes da vía e da circulación [v/h].

$(I/c)_i$  = relación intensidade/capacidade para o nivel de servizo  $i$ , ou para a velocidade  $i$ .

$fR$  = factor de axuste para o reparto por sentidos de circulación.

$fA$  = factor de axuste para carrís e beiravías estreitos.

$fL$  = factor de axuste para valorar os efectos das ramplas sobre a circulación de vehículos lixeiros.

$fVP$  = factor de axuste pola presenza de vehículos pesados na circulación.

Aplicando esta fórmula, obtense unha capacidade total da estrada AC-524 de 870 vehículos á hora, que son 20.880 vehículos ó día.

Por outra banda, haberá que calcular o tráfico que aportaría a actividade industrial do sector á estrada. Aplicando estimacións de tráfico medio para usos industriais, que sitúan os valores aplicables en 1,6 camións cada 1.000 m<sup>2</sup> de uso industrial e día, e 6 turismos cada 1.000 m<sup>2</sup> de uso industrial e día, e tendo en conta que a superficie neta do ámbito é de 41.159 m<sup>2</sup>, obtemos unha estimación de 66 camións por día e 247 turismos, sendo o resultado total da estimación de 313 vehículos por día aportados pola actividade do ámbito.

Se sumamos a IMD da estrada AC-524 (2.953 vehículos por día) e o resultado da estimación anterior (313 vehículos por día), obtemos un resultado total de 4.266 vehículos por día, resultado considerablemente inferior á capacidade total da estrada, polo que quedaría

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PX de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017. Madrid, 1995, 2ª edición (páx. 290 e seguintes).

A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística II

Lucía Lantada Méiz



xustificada a suficiencia da estrada AC-524, nas súas condicións actuais, para soportar os tráfico futuros derivados da actividade industrial no sector.

O S-02 linda coa estrada da R.I.X.E. N-634 que en boa parte do seu trazado conta con carrís de servizo. Dadas as características desta vía tamén se considera con capacidade suficiente esta infraestrutura para o desenvolvemento do sector S-02.

Esta estrada ten a día de hoxe unha IMD nese punto de 5.320 vehículos.

O sector S-02 conta cunha superficie de 141.238 m<sup>2</sup>. Seguindo os cálculos anteriores o desenvolvemento deste solo aportará á estrada un tráfico total de 226 vehículos pesados e 847 vehículos lixeiros ó día. A IMD por execución deste solo urbanizable aumentará, polo tanto a 6.393 vehículos.

A capacidade da estrada, segundo a fórmula anteriormente indicada ascende a 25.604 vehículos día, co que a capacidade desta infraestrutura é suficiente para o desenvolvemento do solo S-02.

#### Abastecemento de auga

No que respecta ó abastecemento realízanse os cálculos de necesidades a partir do disposto no plan hidrolóxico Galicia-Costa.

Segundo o apéndice 6 da normativa deste plan a dotación de solos urbanizables de uso industrial pode avaliarse entre 2,16 e 8,64 l/m<sup>2</sup>/día. En polígonos industriais comerciais, de almacenamento, oficinas e pequena empresa aconséllase usar o valor de 2,16 l/m<sup>2</sup>/día (equivalentes a 0,25 l/sg/Ha).

Aplicadas estas dotacións sobre as superficies dos solos urbanizables propostos dá as seguintes necesidades infraestruturais:

S-01: 88,9 m<sup>3</sup>/día (1,03 l/sg)

S-02: 305,07 m<sup>3</sup>/día (3,53 l/sg)

Partindo dunha dotación de 210 l/hab/día (segundo o plan hidrolóxico Galicia-Costa) o abastecemento destes dous polígonos suporía unha poboación de 1.876 habitantes equivalentes.

Segundo o indicado no apartado 2.13.2.1., a rede de abastecemento de auga ten capacidade para 6.500 habitantes e a día de hoxe está conxionada unha poboación potencial de 1.921 habitantes.

Segundo as previsións de crecemento indicadas no apartado 3.3.1.8. da presente memoria, nos núcleos rurais das parroquias conxionadas á rede de abastecemento (Abellá, Mesos, Papucín, Galegos, Frades, Aiazo, Gafoi e Ledoira) levaranse a cabo, durante o período de vixencia do PXOM, un total de 127 nova vivendas, o que dá unha poboación equivalente de 317 novos habitantes. No solo urbano, no mesmo apartado da memoria estímase a execución de 129 novas vivendas, equivalentes a 322 novos habitantes.

A teito de planeamento o PXOM contará cunha capacidade por usos residenciais de 2.515 habitantes equivalentes.

Á vista deste cálculos considérase que os sistema de saneamento resulta suficiente para o desenvolvemento dos solos urbanizables de uso industrial previstos.

Colectores de abastecemento: No caso do sector S-01 o colector xeral pasa por diante do ámbito co que non é necesario máis que realizar a conxión con el. No caso do sector S-02 executarase con cargo a este desenvolvemento o colector dende a rede xeral de abastecemento. Neste caso será necesario executar un colector de diámetro 110 dende o sector ata o colector xeral á altura de Sibio, cunha lonxitude total aproximada de 1.400 m.

#### Saneamento

No tocante ó saneamento compre indicar que no contorno do sector S-01 non existe saneamento, motivo polo cal correrá a cargo do desenvolvemento do ámbito a execución dunha Estación Depuradora con capacidade suficiente para o desenvolvemento do ámbito. A capacidade da EDAR será como mínimo de 423 habitantes equivalentes.

Por outra banda tamén correrá a cargo do desenvolvemento deste ámbito a execución do colector ata a estación depuradora. Estímase unha lonxitude de 450 m e un diámetro mínimo de 315 mm..

O sector S-02, no que fai ó saneamento, está nas mesmas condicións que o anterior, tendo tamén que executar con cargo ó seu desenvolvemento a estación depuradora e o colector de conxión do ámbito con esta. A EDAR terá unha capacidade mínima de 1.453 habitantes equivalentes, e o colector unha lonxitude aproximada de 750 m e un diámetro mínimo de 400 mm.

#### Subministración eléctrica

A demanda eléctrica do sector S-01 estímase a continuación:

Uso	Edificabilidade/superficie (m <sup>2</sup> )	Previsión de consumo (VA/m <sup>2</sup> )	Consumo total (kVA)
Industria	24.695	47,06	1.162
Equipamento público	823	37,65	31
Servizos urbanísticos	300	37,65	11
Vías e aparcamentos	10.290	1,75	18
TOTAL			1.222

Polo límite oeste do sector discorre a liña de alta tensión Mesón do Vento/Portodemouros. Polo norte e oeste discorren liñas de media tensión da empresa UDESA. Serán a compañías subministradoras as que, no momento de execución do solo urbanizable, indiquen as condicións de conxión á rede xeral en función das condicións que concorran nese momento concreto.

A demanda eléctrica do sector S-02 estímase a continuación:

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación Urbanística II



DECLARACIÓN.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 10 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.  
Asdo. Carmen Gómez Otero.



Uso	Edificabilidade/superficie (m2)	Previsión de consumo (VA/m2)	Consumo total (kVA)
Industria	84.743	47,06	3.988
Equipamento público	2.825	37,65	106
Servizos urbanísticos	1.000	37,65	38
Vías e aparcamentos	35.310	1,75	62
<b>TOTAL</b>			<b>4.194</b>

A 600 m ó sureste do sector discorre a liña de media tensión POR 706 da que é titular a empresa FENOSA. Será a compañía subministradora a que, no momento de execución do solo urbanizable, indique as condicións de conexión á rede xeral en función das condicións que concorran nese momento concreto.

#### CUANTIFICACIÓN DA EDIFICABILIDADE ESTIMADA PARA O SOLO URBANIZABLE DELIMITADO

SECTOR	LUGAR	SUPERFICIE TOTAL	USO	APROV.	DENSIDADE	SUP. EDIFICADA TOTAL	SUPERFICIE EDIFICADA RESIDENCIAL
S-01	Abellá	41.159 m <sup>2</sup>	Indust.	0,60	---	24.695 m <sup>2</sup>	---
S-02	O Cadaval	141.239 m <sup>2</sup>	Indust.	0,60	---	84.743 m <sup>2</sup>	---
<b>TOTAL</b>		<b>182.397 m<sup>2</sup></b>				<b>109.438 m<sup>2</sup></b>	<b>---</b>

#### 3.3.1.8. Dimensionamento da capacidade residencial en función das expectativas de crecemento.

Para falar das expectativas de crecemento, en primeiro lugar compre indicar que a tendencia de decrecemento poboacional que ven experimentando o concello de Frades nos últimos anos, exposta xa nos apartados correspondentes da presente memoria, segundo a cal, nos últimos quince anos, este concello abandonou a tendencia regresiva, e pasou a estacionaria ou lixeiramente regresiva.

A aprobación do PXOM suporá, cos ámbitos de xestión que se delimitan, unha mellora, sen precedentes no concello, coa xeración de novas actividades empresariais, as dotacións de espazos libres, zonas verdes e equipamentos. Este factor resultará decisivo para fixar nova poboación nos ámbitos urbanos.

Estes aspectos que estamos a poñer de manifesto son dificilmente cuantificables numericamente, pero apoian máis firmemente o dato estatístico do crecemento do parque inmobiliario, que é xa unha realidade a día de hoxe, e que se espera que o siga sendo.

O crecemento do parque de vivendas no concello de Frades pódese estimar en torno a 10-15 vivendas anuais, aínda que esta cifra debe ser convintemente analizada. Na actualidade, tal e como se explicou nos apartados correspondentes da memoria, o concello de Frades non dispón de ningunha figura de planeamento propio na actualidade. Polo tanto, a superficie de solo de núcleo rural é inexistente e as poucas vivendas que se levaron a cabo, sobre todo dende que entrou en vigor a LOUPMRG, son de dubidosa legalidade. Así, é de esperar que, unha vez se atope aprobado o PXOM coas novas delimitacións tanto do solo urbano como dos núcleos rurais, se produza un incremento considerable no crecemento do parque de vivendas.

Tendo en conta todo o expresado, pódese concluír que as expectativas de crecemento do PXOM poden situarse no dobre das actuais, é dicir 10-20 vivendas/ano, o que resulta coherente coa capacidade residencial prevista polo PXOM.

Por último, o novo panorama que se expoñía en parágrafos precedentes referente ás posibilidades de crecemento do concello, fan que se poida ser optimista respecto da variación á alza da produción de vivendas por ano; é dicir, se o parque de vivendas estaba a medrar lixeiramente nunhas condicións demográficas estacionarias, no momento en que se invirta esta situación, e o novo planeamento e as novas infraestruturas están en disposición de acadalo, o parque de vivendas poderá medrar a un ritmo superior ó que o viña facendo.

A vista de todo isto semella coherente dimensionar o PXOM de Frades para unha capacidade de produción de vivendas estimado máis preta das 20 viv/ano.

Pasamos agora a xustificar os cálculos dos que deriva a capacidade do PXOM en novas vivendas, en coherencia co crecemento proposto:

- Solo Urbano Consolidado: a capacidade do PXOM en novas vivendas en solo urbano consolidado deriva da diferenza entre a capacidade edificatoria total por aplicación das ordenanzas correspondentes, e a superficie edificada existente.

Dos datos anteriores obtense unha superficie edificada neta de 22.021 m<sup>2</sup>, estando edificadas 65 vivendas, a día de hoxe. A capacidade edificatoria do solo urbano proposto no PXOM é de 65.699 m<sup>2</sup>, da cal resultan, seguindo os mesmos parámetros de edificabilidade actuais, 194 vivendas. A este número de vivendas restámoslle as vivendas xa edificadas, resultando un número de **129 novas vivendas en solo urbano consolidado**.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación Urbanística III



Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



A capacidade, polo tanto do PXOM para o contorno urbano para un período de 20 anos de vixencia do PXOM, ascende a pouco máis de 6 vivendas anuais.

No solo de núcleo rural non é esperable a colmatación do 100% do solo previsto nos apartados anteriores, considerando este feito como moi difícil de acadar, tanto nos núcleos rurais histórico-tradicionais como nos núcleos comúns. Semellante compactación do rural non está acorde co espírito da LOUPMRG, senón que, de acordo con dita lei, un dos fins da actividade urbanística debe ser *harmonizar as esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación, para contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación*. Para acadar este obxectivo, prevese que a dinámica edificatoria no solo rural do concello de Frades non debería superar o 70% das previsións realizadas en capítulos anteriores, polo que a previsión final en solo de núcleo rural é de **186 vivendas novas** (9 vivendas/ano).

Unha vez calculada a previsión de vivenda no solos urbano, a produción restante ata as 20, é dicir, 9 vivendas/ano, repartiríase entre os núcleos rurais histórico-tradicionais e os núcleos comúns

### 3.3.1.7.- Ordenación do solo rústico

Establece a LOUPMRG, no seu artigo 15, que constituirán en solo rústico os terreos que deban ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico, indicando a continuación as causas desta protección. Na práctica isto fai que, unha vez definido o solo urbano en base á malla e ós servizos urbanísticos, os núcleos rurais en base ó recoñecemento dos asentamentos e a súa tipoloxía, e o solo urbanizable coma o non protexible con aptitudes para ser desenvolvido, o solo rústico sexa o resto do termo municipal.

Unha vez definida a superficie de solo rústico do termo municipal, haberá que determinar o tipo de protección aplicable a cada unha das zonas, tomando como base os datos obtidos da información urbanística e o estudo do medio rural contidos no presente Plan Xeral.

Así, atendendo á lexislación do solo e ó estudo do medio rural, clasificarase o solo rústico do termo municipal como solo rústico de protección ordinaria, agropecuaria, forestal, de augas, de infraestruturas, de patrimonio, paisaxística, de espazos naturais e de actividades extractivas.

#### 3.3.1.7.1. Solo Rústico de Protección Agropecuaria

### CONCENTRACIÓNS PARCELARIAS DO CONCELLO DE FRADES

DENOMINACIÓN	CONCELLOS	SUPERFICIE	DATA DE INICIO
Moar (Santa Eulalia)	Frades	282 Ha	07/09/62
Aiazo (San Pedro)	Frades	138 Ha	28/04/64
Gafoi (Santa Mariña)	Frades	107 Ha	05/05/64
Ledaira (San Martiño)	Frades	125 Ha	05/05/64
Frades	Frades	176 Ha	17/12/65
Añá (Santa María)	Frades	237 Ha	14/09/66
Céltigos (San Xulián)	Frades	170 Ha	24/07/67
Vitre (San Xoán)	Frades	269 Ha	18/09/67
Abellá (Santo Estevo)	Frades	523 Ha	29/07/68
Papucín (Santa María)	Frades	397 Ha	11/01/72
Mesos – Galegos	Frades	1.180 Ha	21/09/72
Aiazo (San Pedro) (II)	Frades	331 Ha	25/08/88
Abellá (Santo Estevo) (II)	Frades	519 Ha	23/11/89
Moar (Santa Eulalia) (II)	Frades	576 Ha	24/11/89
Añá – Ledaira (II)	Frades	697 Ha	24/11/89
Gafoi (Santa Mariña) (II)	Frades	271 Ha	24/11/89
Papucín (Santa María) (II)	Frades	674 Ha	24/11/89
Vitre – Céltigos (II)	Frades	739 Ha	24/11/89
Frades (San Martiño) (II)	Frades	341 Ha	18/09/91

Analizando as datas de aprobación dos decretos das distintas concentracións parcelarias pódese constatar que, de acordo co expresado no artigo 32.2.a) da LOUPMRG, ningunha concentración ten unha antigüidade inferior a dez anos e, polo tanto, salvo outros motivos de produtividade ou tamaño das parcelas, non ten a obriga de se considerar especialmente protexida para usos agropecuarios. Polo que respecta á produtividade destes terreos, atópase moi minguada, mesmo para usos forestais, pois nunha parte dela afecta a núcleos rurais e mesmo a solo urbano ou urbanizable, noutros casos afecta a extensas áreas de monte baixo e nalgúns outros o aproveitamento madeirable xa foi talado e substituído por monte baixo.

Existen áreas de cultivo libres de edificación de superficie superior a 10 Ha en tódalas parroquias, pero sobre todo en Abellá, Papucín e Céltigos, parroquias situadas ó norte do termo municipal.

A capacidade produtiva do resto das zonas cultivadas do termo municipal atópase relativamente minguada pola invasión indiscriminada de vivendas e plantacións de eucaliptos.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira  
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación  
Urbanística II

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.  
Frades, 18 de setembro de 2017.  
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmela Gómez Otero.





As áreas forestais repártense por todo o termo municipal, ás veces invadindo as áreas orixinarias de cultivo e poñendo en perigo as edificacións dos núcleos.

Clasifícanse como solo rústico de protección forestal, non tanto polo seu valor ecolóxico, como produtivo, de vital importancia para a economía da zona, as masas forestais existentes no termo municipal e que non sexan aptas para incorporar ó desenvolvemento urbanístico.

Ademais da clasificación, no apartado correspondente da normativa, contemplanse as medidas precisas para preservar, tanto os núcleos como as áreas de cultivo, da medra indiscriminada das reforestacións.

### 3.3.1.7.3. Solo Rústico de Protección de Augas

No seu día a Confederación Hidrográfica do Norte estableceu uns protocolos relativos á protección do medio fluvial e á prevención do risco de inundacións, enmarcado dentro da normativa iniciada pola Ley 10/2001, de 5 de xullo, del Plan Hidrolóxico Nacional. Destes protocolos obtivéronse os seguintes criterios aplicados pola citada confederación, baseados nas áreas de drenaxe dos leitos (A) (véxase a Delimitación de Espazos Fluviais no Alto Miño en Meira ou no Río Parga)

- Leitos principais ( $A > 65 \text{ km}^2$ ): distancia de protección de 100 m.
- Leitos secundarios ( $10 \text{ km}^2 < A < 65 \text{ km}^2$ ): distancia de protección de 50 m

No concello de Frades non existe ningún río ou regato con conca superior a  $65 \text{ km}^2$ , a excepción do río Tambre, de carácter claramente supramunicipal.

Así e dada a grande variedade de cuncas de drenaxe que existen no concello, moitas delas de moi escasa entidade, óptase polas seguintes franxas de protección, todas elas máis conservadoras que as fixadas como criterio xeral pola Confederación Hidrolóxica.

- Leitos principais ( $A > 50 \text{ km}^2$ ): distancia de protección de 100 m.
- Leitos secundarios ( $10 \text{ km}^2 < A < 50 \text{ km}^2$ ): distancia de protección de 75 m
- Leitos secundarios ( $5 \text{ km}^2 < A < 10 \text{ km}^2$ ): distancia de protección de 50 m
- Resto de Leitos ( $< 5 \text{ km}^2$ ): distancia de protección de 25 m

A conca dos respectivos cauces reflíctese nos documentos correspondentes da información urbanística.

No seguinte cadro resumen, así como no plano de información correspondente, se especifican as superficies das diferentes concas:

CONCA PRINCIPAL	CONCA SECUNDARIA	SUBCONCA PRIMARIA	SUBCONCA SECUNDARIA	SUPERFICIE (Ha)	SUPERFICIE (Ha)	SUPERFICIE (Ha)
C-1 (Conca Río Tambre)						8.176
	C-1.1 (Conca Río Samo)				2.237	
		C-1.1.1 (Conca sen identificar)		161		
		C-1.1.2 (Conca sen identificar)		80		
		C-1.1.3 (Conca Rego de Marís)		738		
			C-1.1.3.1 (Conca Rego Vermello)	178		
		C-1.1.4 (Conca Rego Mourío)		279		
		C-1.1.5 (Conca Río Cabrón)		103		
	C-1.2 (Conca Río Maruzo)				4.352	
		C-1.2.1 (Conca Río Gaitero)		2.058		
			C-1.2.1.1 (Conca sen identificar)	143		
			C-1.2.1.2 (Conca Rego do Muiño Vello)	466		
			C-1.2.1.3 (Conca Rego de Mostás)	766		
		C-1.2.2 (Conca sen identificar)		155		
		C-1.2.3 (Conca Rego de Fonte Santaia)		469		
			C-1.2.3.1 (Conca sen identificar)	179		
		C-1.2.4 (Conca sen identificar)		61		
		C-1.2.5 (Conca Rego da Cortiña)		127		
	C-1.3 (Conca Rego do Porto)				441	
	C-1.4 (Conca Rego do Pío)				207	
